

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 18/09/2019

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:29 horas do día 18/09/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09-sep-2019, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/4005

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 18 de setembro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 18 de setembro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA	XGL DATA	CUMPRE
OCAÑA NOVOA ROBERTO	35417119V	6.335,56 €	18/09/2019	SI
JOSE FEIJO VILAR - CONSTRUCCIONES OBRAS Y PAVIMENTOS	76927537	5.324,00 €	18/09/2019	SI
ALYSER SALNES SL	B94177573	2.894,08 €	18/09/2019	SI
AUTOMOCIÓN LA JUNQUERA SL	B36181899	4.031,82 €	18/09/2019	SI
PROMUNDI GALLAECIAM SLU	B94140753	9.051,40 €	18/09/2019	SI
MICROMEDIA SL	B153287768	2.295,13 €	18/09/2019	SI
SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE SAU	A27843192	1.061,70 €	18/09/2019	SI
MULTIDIDACTICOS SL	B27754118	2.393,38 €	18/09/2019	SI

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/3787

Vista a proposta do Servizo de Promoción Educativa, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Roberto Ocaña Novoa (Decoración Xiabre) para o subministro e colocación de corcho en piso da aula de inglés do Colexio Anexo A Lomba, por un importe total de 1.839,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3788

Vista a proposta do Servizo de Promoción Educativa, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Roberto Ocaña Novoa (Decoración Xiabre) para derribo de tabique actual, e colocación dun novo no seu lugar, posta existente incluída. Tabique reforzado con perfilaría de 70 mm en h e dobre placa de 13 mm por cada cara, incluído rodapé e pintado, no CEIP A Escardia, por un importe total de 2.359,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3789

Vista a proposta do Servizo de Promoción Educativa, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Roberto Ocaña Novoa (Decoración Xiabre) para subministro e colocación de 30 m² de corcho en aulas de infantil do Colexio de Faxilde, previa aplicación de pasta niveladora, por un importe total de 1.476,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3790

Vista a proposta do Servizo de Promoción Educativa, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Roberto Ocaña Novoa (Decoración Xiabre) para retirada de falso teito dun baño do Colexio Vagalume e colocación de un novo, por un importe total de 660,66 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3792

Vista a proposta do Servizo de Promoción Educativa, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. José Feijoo Vilar - construcións, Obras y Pavimentos, para as obras de subministro e colocación de formigón pulido no Parque Infantil do Colexio de Rubiáns, por un importe total de 5.324,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4040

Vista a proposta do Servizo de Mellora Rural, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Automoción La Junquera SL para reparación do vehículo matrícula 5479-GJC adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 4.031,72 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4042

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por ALYSER SALNES SL para o subministro de topes de aparcamentos e material auxiliar, para a substitución dos existentes no aparcamento da Rúa Conde Vallellano, por un importe total de 1.381,58 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4168

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto o acordo de Xunta de Goberno Local de 11 de febreiro de 2019 de aprobación orzamento de D. Luis Piñeiro Meixus para aluguer de máquina mixta con cazos e camión dumper, por un importe de 6.050,00 €, dado que non se levou a cabo a prestación do servizo, e revertir a citada cantidade á partida orzamentaria correspondente.

PRP2019/4169

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa necesidade de mellora de sinalización na confluencia da Rúa San Cibrán coa Avda. de Cambados, co fin de facilitar a incorporación de Rúa San Cibrán á Avda de Cambados.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a mellorar a sinalización actual coa colocación de sinal de vehículos turismos no estacionamento.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/4170

Dáse conta do escrito presentado por D. Javier Rodríguez Martínez, en representación de AGROCARRIL SL, solicitando a revisión do acordo de Xunta de Goberno Local de data 24 de xuño de 2019, no que se indica:

"Dáse conta de informe do Enxeñeiro D. Oscar Álvarez en relación coa indebida utilización dun vao permanente, titularidade de Agrocarril SL, situado na Avda. Rosalía de Castro e propoñendo a transformación do vao en reserva de carga e descarga de carácter particular.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda dar de baixa o vao permanente e sinalizar unha reserva de espazo de carácter xeral, dado que na zona non existe ningunha."

Á vista da documentación aportada e do informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda estimar o recurso presentado e que se proceda a habilitar unha reserva para carga e descarga para o citado establecemento.

PRP2019/4171

dáse conta de escrito da Cofradía de Pescadores Virgen del rosario de Vilaxoán dando conta de actos vandálicos ocasionados na sala de lectura e solicitando que polo Concello se proceda a colocar unha cancela para que non se poida acceder dende as canchas de deporte ao corredor que as separa da sala de lectura.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que se procederá a estudar o asunto co fin de evitar os danos.

PRP2019/4172

Dáse cnta do escrito presentado pola Cofradía de Pescadores Virgen del Rosario de Vilaxoán solicitando a construción dunha rampla de acceso ao consultorio médico e sala de lectura para facilitar o acceso das persoas con discapacidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se están executando obras na Rúa para mellorar a accesibilidade da zona.

Dar traslado da petición ao SERGAS aos efectos oportunos.

PRP2019/4173

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto o acordo de Xunta de Goberno de data 12 de agosto de 2019 de aprobación do orzamento presentado por Galicom Comunicaciones, S.L. para o subministro de 15 chalecos reflectantes para auxiliares de policía local por un importe total de 707,85€ (IVE incluído), con cargo á partida 132-22104, dado que o subministro non se realizou e está próxima a finalización do contrato dos citados auxiliares de Policía Local.

PRP2019/4175

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto o acordo de Xunta de Goberno de data 12 de agosto de 2019 de aprobación do orzamento presentado por Peycar Pontevedra, S.L. para o subministro de uniformidade de bicicleta para cinco auxiliares da Policía Local, por un importe total de 1.076,90€ (IVE incluído), con cargo á partida 132-22104, dado que o subministro non se realizou e está próximo ao seu remate o contrato dos citados auxiliares.

PRP2019/4176

Dáse conta da remisión pola Axencia Galega de Infraestruturas da acta de entrega ao Concello de Vilagarcía de Arousa dun treito da Estrada PO-549 e da rotonda denominada "Glorieta da Mariña Española" para a súa sinatura e posterior devolución para a sinatura do Secretario Xeral Técnico.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4177

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PROMUNDI GALLAECIAM SLU para o subministro de vestiario para os traballadores do citado Servizo Municipal (reposición de 15 chaquetas, 15 pantalóns e 30 polos de manga corta), por un importe total de 9.051,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4178

Dáse conta de informe da Policía Local en relación co pintado dun vao permanente á altura do número 36 da Rúa Sobran, indicando que se sinalizou unha lonxitude de uns 15 metros, sendo o espazo máximo autorizado de 8 metros, que se corresponden coa porta de entrada e rebaixe da beirarrúa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir a D. Eladio Piñeiro Charlín, titular do vao autorizado para o número 38, que sinalice unicamente os 8 metros autorizados, debendo proceder ao borrado dos restantes.

Dar conta á Policía Local.

PRP2019/4179

Dáse conta do escrito presentado por El trastero de David y Suso SL, solicitando autorización para celebración dun concerto en sesión vermou, no exterior do local, os días 21 e 28 de setembro, en horario de 13:00 a 15:00 horas, na esquina das Rúas Juan García e Valentín viqueira, así como a colaboración municipal para a cnexión eléctrica.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder conceder a autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade

PRP2019/4180

Dáse conta de informe do Auxiliar do Arquivo comunicando a proposta de doazón ó Arquivo Municipal e ó Museo do Ferrocarril, por parte de D. Manuel Suárez Vallejo, fillo de D. Manuel Sujárez Fuentes, dun fondo composto por documentos en varios soportes, e publicacións periódicas de diversa temática, todos eles de interese para o estudo de diferentes aspectos da historia e cultura do Concello de Vilagarcía de Arousa e do ferrocarril en xeral.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a doazón do "Fondo Manuel Suárez" para a súa posta en valor e de servizo ós cidadáns e investigadores e manifestar o agradecemento ao Sr. Suárez Fuentes

PRP2019/4181

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal, encargado da Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación en relación á finalización da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Carril, a instancia de Dona Maria Rosa Mollinedo Longo, no lugar de Rúa Victoria nº 9 que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións, no edificio ou vivenda, e a persoa beneficiaria, cumpre os requisitos do Plan Estatal 2013-2016, ao abeiro dos Acordos da Comisión Bilateral de 26 de outubro de 2017, asinados entre o Ministerio de Fomento, o Insituto Galego de Vivenda e Solo, e o Concello de Vilagarcía, para o financiamento das Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana dos núcleos de Carril, Vilaxoán e Casco Vello, de conformidade co establecido no Real Decreto 233/2013 de 5 de abril, por el que se regula del Plan Estatal de Fomento del alquiler de viviendas, la rehabilitación edificatoria y la regeneración y renovación urbanas, 2013-2016; e na Orde 23 de xuño de 2017, pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación no programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.

Coa data de 07/09/2018 solicitouse cualificación provisional que foi resolta favorablemente e asinada polo Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente o día 15/10/2018.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a finalización do expediente de referencia dado que o mesmo cumpre os requisitos referidos ás actuacións aos efectos de solicitude de cualificación definitiva. (ARRU.CARRIL.02/2018)

PRP2019/4182

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal, encargado da Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación en relación á finalización da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Carril, a instancia de D. Jesús Longa Dios, no lugar de Rúa Castillejos nº 18, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións, no edificio ou vivenda, e a persoa beneficiaria, cumpre os requisitos do Plan Estatal 2013-2016, ao abeiro dos Acordos da Comisión Bilateral de 26 de outubro de 2017, asinados entre o Ministerio de Fomento, o Insituto Galego de Vivenda e Solo, e o Concello de Vilagarcía, para o financiamento das Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana dos núcleos de Carril, Vilaxoán e Casco Vello, de conformidade co establecido no Real Decreto 233/2013 de 5 de abril, por el que se regula del Plan Estatal de Fomento del alquiler de viviendas, la rehabilitación edificatoria y la regeneración y renovación urbanas, 2013-2016; e na Orde 23 de xuño de 2017, pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación no programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.

Coa data de 10/09/2018 solicitouse cualificación provisional que foi resolta favorablemente e asinada polo Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente o día 15/10/2018.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a finalización do expediente de referencia dado que o mesmo cumpre os requisitos referidos ás actuacións aos efectos de solicitude de cualificación definitiva. (ARRU.CARRIL.03/2018)

PRP2019/4183

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal, encargado da Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación en relación á finalización da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Carril, a instancia de Dona M^a Josefa Búa Vicente, no lugar de Rúa Portugalete nº 4-1º Dta que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións, no edificio ou vivenda, e a persoa beneficiaria, cumpre os requisitos do Plan Estatal 2013-2016, ao abeiro dos Acordos da Comisión Bilateral de 26 de outubro de 2017, asinados entre o Ministerio de Fomento, o Insituto Galego de Vivenda e Solo, e o Concello de Vilagarcía, para o financiamento das Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana dos núcleos de Carril, Vilaxoán e Casco Vello, de conformidade co establecido no Real Decreto 233/2013 de 5 de abril, por el que se regula del Plan Estatal de Fomento del alquiler de viviendas, la rehabilitación edificatoria y la regeneración y renovación urbanas, 2013-2016; e na Orde 23 de xuño de 2017, pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación no programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.

Coa data de 07/09/2018 solicitouse cualificación provisional que foi resolta favorablemente e asinada polo Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente o día 15/10/2018.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a finalización do expediente de referencia dado que o mesmo cumpre os requisitos referidos ás actuacións aos efectos de solicitude de cualificación definitiva. (ARRU.CARRIL.04/2018)

PRP2019/4184

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Cultural - Comisión Festas Santa Marta, solicitando autorización para celebrar unha churrascada popular no Campo da Festa de A Laxe, o día 21 de setembro de 2019, en horario de 16:00 ata as 02:00 horas do día 21, (corte da Rúa).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

RECURSOS HUMANOS

PRP2019/4192

Dáse conta do informe da Policía Local en relación coa próxima finalización do contrato dos 15 auxiliares que reforzan o Servizo de Policía Local dende o mes de xuño e xullo de 2019, e

solicitando a continuidade na contratación de persoal auxiliar de policía Local (10 auxiliares), por un período de dous meses, para o desempeño de funcións de apoio e auxilio no marco do disposto na lexislación de forzas e corpos de seguridade, sempre acompañado de persoal funcionario de Policía Local na súa quenda de servizo, de xeito que este poida controlar, complementar ou corrixir, se é o caso, a súa actividade laboral.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a continuidade por dous meses, conforme ao informe da Policía Local e atendendo ao posto na lista da selección facilitada pola AGASP, 5 a partir do 17 de outubro e 5 a partir do 1 de novembro de 2019.

Dar conta a AGASP.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2019/3726

Dáse conta da sinatura dun convenio para a concesión dunha subvención a Fundación Amigos de Galicia, por importe de 2.500,00 € para o desenvolvemento de actividades e actuacións dirixidas a paliar situacións de emerxencia e risco exclusión social de atención urxente e inmediata no ámbito da alimentación e hixiene durante o ano 2019, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2019/3727

Dáse conta da sinatura do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Fundación Monte do Gozo - Proxecto Home, por importe de 1.500,00 € para o desenvolvemento de actuacións destinadas á prevención de drogodependencias e intervencións integrais vinculadas a situacións persoais de dependencia de substancias durante o ano 2019, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2019/3728

Dáse conta da firma do convenio para a concesión dunha subvención nominativa a "Cruz Vermella de Vilagarcía de Arousa" ,por un importe de 84.000,00 € con cargo á partida 231.48002, para a xestión de mantemento do Albergue de Transeúntes de Cruz Vermella do Salnés, destinado a persoas sen fogar e transeúntes, durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2019/3729

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Apacos do centro ocupacional O Saiar, para a concesión dunha subvención, por importe de 1.500,00€, con cargo á partida 231.48002, para desenvolvemento de actividades e actuacións encamiñadas á atención integral de persoas en situación de discapacidade no marco das actividades promovidas dende o centro e a asociación de pais e nais, durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2019/3730

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e Cáritas Interparroquial de Arousa, para a concesión dunha subvención, por importe de 35.000,00 €, con cargo á partida 231.48002, co fin de subvencionar o funcionamento do Comedor Social, durante o ano 2019. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2019/3731

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, para a concesión dunha subvención, por importe de 2.400,00 €, con cargo á partida 231.48002, co fin de subvencionar o funcionamento do Centro San Cibrán, durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2019/4233

Vista a proposta da Concelleira de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para programas dirixidos á inclusión social da comunidade xitana por importe de 76.031,83€, ao abeiro da Orde do 6 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os anos 2019 e 2021 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020).

EMPREGO

PRP2019/4195

Dáse conta do recurso de reposición presentado por Dona Maria Josefa Jiménez Domínguez, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2019, de denegación da axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2019.

A citada denegación faseabase en que se trataba dunha empresa xa existente con anterioridade ao 2 de outubro de 2018, non cumprindo polo tanto o establecido nas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 4 de marzo de 2019.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda estimar o recurso de reposición presentado e conceder a Dona Maria Josefa Jiménez Domínguez a axuda solicitada, por importe de 2.500,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, así como o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado. (Expte. 0219-0515)

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2019/3733

Vista a proposta das Concelleiras de Educación e Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases Reguladoras do outorgamento de axudas para estudantes universitarios/as e de ciclos superiores de formación profesional que, residindo en Vilagarcía de Arousa, realicen os seus estudos fóra do termo municipal no curso 2018/2019, cun orzamento total de 40.000,00 €, con cargo ás partidas 231.48003 (20.000,00 €) e 320.48003 (20.000,00 €), cos seguintes tipos de axudas:

- Estudos Universitarios: axuda 400 €
- Estudos Ciclos Superiores: axuda 200 €

PRP2019/4196

Dáse conta do informe da Directora do Conservatorio relativo á recaudación do prezo público pola venda das entradas para os concertos do Festival Internacional de Música ClasClas no pazo da Golpelleira e pazo de Rubiáns do 29 de xuño ao 5 xullo:

Pazo de Rubiáns: de data 29 de xuño de 2019. Vendidas as 80 entradas dispoñibles a un prezo de 14,78€, o que fai un total de 1.182,40€.

Pazo da Golpelleira: de datas 2 e 4 de xullo de 2019. Vendidas as 60 entradas individuais para concerto e os 160 abonos a un prezo de 14,30€ e 24,56€, respectivamente o que fai un total de 5.645,60€

Pazo de Rubiáns de data 5 de xullo de 2019. Vendidas as 80 entradas dispoñibles a un prezo de 14,78€, o que fai un total de 1.182,40€.

O total dos ingresos acadados pola venda de entradas do II Festival Internacional de Música clasclas, ascende a 8.010,40€ , que ticketea te ingresado na conta bancaria do Concello. A cantidade presupostada como ingresos no orzamento do Festival ascende a 8.010,00€ polo que exsite unha diferenza de 0,40€ a favor do Concello de Vilagarcía.

A xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4197

Dáse conta do escrito presentado pola Directora da Biblioteca informando do comezo no mes de outubro de 2019 do Club de Lectura “Marcapasos” no Auditorio Municipal, así como das normas da citada actividade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar o desenvolvemento da actividade indicada.

PRP2019/3990

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Micromedia, S.L.** para o subministro do seguinte material, en relación ao proceso de integración da Rede Municipal de Bibliotecas no Catálogo Colectivo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia:

-Impresora para a realización dos carnés da Rede.

-Tarxetas preimpresas co logo do Concello.

-Lectores de códigos de barras para a biblioteca central e axencias de lectura.

Por importe de 2.295,13€(ive engadido) con cargo á partida 3321-62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2019/4234

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda modificar o importe no seu día adxudicado á empresa OYS Fernandez SLU, para a colocación e retirada dun colector no punto limpo para a recollida seleccionada de restos santiarios (WC, duchas, bañeiras, piletas...) e rebaxalo nunha contía de 1.072,50€.

PRP2019/4235

Dáse conta da solicitude de axuda, dentro do programa de "Axudas Municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2019", presentada pola **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Bamio**.

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Laborais e o informe da do Servizo de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión dunha axuda, por importe de 8.000,00€ á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Bamio, con cargo á partida 170.489.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2019/4237

A Xunta de Goberno Local de 7 de xaneiro acordou adxudicar á Empresa **Centro Polivalente Ana M^a Parada** o contrato menor para o desenvolvemento do Programa "ACTIVATE-Quenda 2", consistente en catro obradoiros enfocados ao envellecemento activo das persoas maiores, a desenvolver en dúas quendas ao longo do ano (a primeira entre os meses de febreiro a xuño e a segunda entre os meses de setembro a decembro de 2019, por un importe total de 10.080,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 2313.22634 (POS19 (3) N° 01/04/19).

Nas bases aprobadas faciase referencia a distribución das quendas do seguinte xeiro: "a actividade distribuírase en dúas quendas, de tal modo que os/as beneficiarios/as da primeira quenda, non poidan asistir á segunda quenda..."

Dada a lista de espera existente dende a apertura do primeiro prazo de inscrición(máis de 30 persoas) e o malestar manifestado polos participantes da primeira quenda á hora de informáse de que non poderían participar na segunda quenda (setembro-dicembro), e a proposta da Concellería de Persoas Maiores a Xunta de Goberno Local acorda:

- A continuación ate decembro dos dous grupos xa iniciados en xaneiro (grupos A e B) con 40 participantes e cuio orzamento xa se aprobou no seu día con cargo ao Plan Concellos 2019.
- A aprobación dos novos grupos (Grupos C e D) con outros 40 participantes, coas mesmas características e exixencias dos xa existentes, a desenvolverse entre os meses de outubro a decembro.

córdase así mesmo aprobar as bases e o prazo de inscrición da primeira quenda.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2019/4150

Vista a proposta da Concellería de Educación e Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos de "Limpeza de Obra no CEIP Arealonga, con motivo das obras levadas a cabo durante os meses de verán realizadas pola Xunta de Galicia", á Empresa SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE, por un importe de 838,74 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 222,96 €, o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 1.061,70 € con cargo á partida 320.22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4236

Dáse conta do proxecto modificado de instalación de ascensor no edificio do Centro de Emerxencias, redactado polo Arquitecto Técnico D. Joaquín Lustres Carregal.

Dáse conta do informe da Secretaria Xeral, no que se indica:

- 1) A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 27 de marzo de 2017 aprobou o proxecto de instalación de ascensor no edificio do Centro de Emerxencias redactado por D. Joaquín Lustres Carregal, por importe de 27.999,99 € (IVE engadido).
- 2) A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 19 de febreiro de 2018, adxudicou a execución da obra citada a Denuovo Punto Creativo SL polo importe de 24.750,25 € (IVE engadido).
- 3) Ante as dificultades xurdidas no comezo da obra para ubicar o ascensor no oco existente do edificio, faise preciso executar un foxo reducido para a instalación do ascensor o que concelva tamén o cambio do ascensor. Os cambios citados supoñen un incremento de 2.460,28 €, ascendendo o custe total da obra a 27.210,53 €.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto modificado de instalación de ascensor no edificio do Centro de Emerxencia, redactado por D. Joaquin Lustres Carregal, cun orzamento de execución por contrata de 27.210,53 €.
- 2.- Comunicar á Empresa adxudicataria Denuovo Punto Creativo SL o citado proxecto coa finalidade de realizar a súa execución con anterioridade ao 30 de novembro de 2019.

Obra (2) nº 01/64/2017.

PRP2019/4241

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo e Mobilidade, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de subministro de protectores para portas da Escola Infantil de Vilaxoán á Empresa MULTIDIDACTICOS SL, por un importe total de 2.393,38 € (IVE incluído), con cargo á partida 323.62200.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4251

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro de Servizos e relacións veciñais:

Na actualidade os colexios públicos de Arealonga, Arealonga infantil e vagalume teñen conectada a instalación interior de saneamento ao regato de Santa Mariña, o que provoca vertidos de augas fecais que foron detectadas unha vez que quedaron a ceo aberto tramos do regato, con motivo das obras que se están a executar no entorno de Matosinhos.

Por tal motivo solicitouse ao enxeñeiro técnico ao servizo do concello realizar unha memoria valorada das obras a realizar para a súa conexión a rede municipal de saneamento, e se pediron tres orzamentos en base a mesma a empresas construtoras.

Por outro lado, posto que o inicio escolar é inminente, as obras deberanse executar coa maior brevidade posible así como a execución das mesmas – se procede – deberanse realizar fora dos horarios lectivos dos centros para non interferir co funcionamento normal dos mesmos.

